

Acordo cunha representación das asociacións e da patronal de atención a menores para que a Xunta priorice este servizo e acadar un convenio galego de negociación

Esta semana celebrouse unha reunión entre o sindicato mariotario e 8 asociacións/federacións e a patronal AGACEME na que coincidiron en que é preciso máis investimento público nestes centros e melloras nas condicións laborais do seu persoal.



No encontro tamén se acordou solicitar unha entrevista coa conselleira de Política Social e Xuventude, para que os centros poidan contar con mellores recursos materiais e humanos, servizos básicos de calidade e axustar rateos ás necesidades do servizo; así como a implicación e colaboración, a través do CGRLs, na negociación dun Convenio Galego Digno para o sector.

A CIG-Ensino avalía como positiva a reunión celebrada esta semana coas Asociacións e Federacións galegas: Aclad-Alborada, Aldaba, Arela, Camiña Social, Dignidade, Faiben, Igaxes, Meniños (outras escusaron ausencia coma Agamme e Anxiños) e coa patronal galega Agaceme.

Nesta xuntanza, entre organizacións da Galiza no sector de atención a menores en risco ou exclusión social, en toda a súa diversidade de tipos de centros, atopáronse puntos de confluencia para unha fronte común de cara á administración galega para que

poña os coidados de menores na prioridade das súas políticas públicas, comezando urxentemente con máis investimento nestes centros sen ánimo de lucro e co rumbo fixo cara a negociación dun Convenio Galego Digno, como garante dunhas mellores condicións laborais, salariais e sociais, así como dun mellor servizo de calidade aos usuarios e usuarias.

A CIG animou as distintas asociacións, federacións e patronal a camiñar nesta dirección reivindicativa coa campaña comezada pola CIG-Ensino e a súa RLT maioritaria, “ Melloras salariais, laborais e sociais nos centros de menores: convenio galego xa!”, para dignificar, recoñecer e valorar os coidados a menores e as condicións de traballo, así como ofrecer un servizo de calidade, como sempre vimos defendendo desde a CIG neste sector, tanto en Madrid, na negociación do convenio estatal cando corresponde, como agora na Galiza, unha vez acadada a maioría sindical. Unha maioría que é

preciso reforzar e incrementar como garante das negociacións, polo que anima a todos aqueles centros de traballo, que non están organizados sindicalmente (que son a gran maioría), a que o fagan coa CIG e garantan así a súa presenza nas mesas de negociación, trasladando as súas reivindicacións e necesidades, así como a participación nas asembleas de traballadores/as para tomar decisións consensuadas, seguindo un modelo sindical: participativo e asembleario, reivindicativo e combativo.



As conclusións ás que se chegaron na reunión foron as seguintes:

- Necesidade de crear un **marco galego de negociacións do sector na Galiza e acadar o I convenio galego de atención a menores.**

- O actual marco de negociacións estatal non dá resposta ás reivindicacións e necesidades laborais e salariais do persoal traballador galego, nin ás características e situacións dos centros galegos. O IV convenio estatal de centros de reforma xuvenil e protección de menores é **rexeitado por precario.**

- As Asociacións e Federacións comprometéronse a organizarse como patronal galega ou patronais galegas para poderen participar nas negociacións, previa aprobación interna das súas organizacións. Así mesmo, queda pendente contactar con Asociacións que non asistiron á xuntanza para autoorganizarse mellor.

- A patronal galega, Agaceme, sería partidaria de **abrirnos negociacións canto antes, unha vez se implante o concerto social no sector**, no que xa se está a proceder segundo se van rematando contratos e convenios de xestión dos servizos.

Serían partidarios de negociar **táboas salariais autonómicas, propias ou complementarias ás estatais**, previas ao convenio galego se este se demorara no tempo, implicando á administración.- Acordar e asinarmos un escrito conxunto, quen se queiran sumar, polas dúas partes, patronal e sindical, solicitando unha xuntanza coa conselleira de Política Social e Xuventude, e reivindicando que se incrementen os orzamentos para o sector, con máis subvencións aos centros e así poder dotalos de máis e mellores recursos materiais e humanos, servizos básicos de calidade e axustar rateos ás necesidades do servizo; así como a implicación e colaboración, a través do CGRLs, na negociación dun Convenio Galego Digno para o sector, que recoñeza a profesionalidade e mellore as condicións do persoal traballador evitando a fuga de talentos, porque tal e como este destacou durante as mobilizacións “só coa vocación non se pagan facturas”.

- A parte social volve facer un novo chamamento ás demais OO.SS con representación no sector e con capacidade de negociación na futura mesa, aínda que dixeran “non, ao convenio galego” antes da presentación da campaña da CIG. A RLT debería posicionarse de cara a esta unidade de acción, máis cando o persoal traballador afectado (arredor de 800 en total) asinou maioritariamente (62%) a campaña promovida polo sindicato maioritario no sector en Galiza.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal